

Anexo aplicable aos Contratos Globais de Triodos Bank para persoas físicas e xurídicas e, nomeadamente, aos de produtos de conta corrente á vista, conta de aforro e tarxetas de débito e crédito en conta corrente.

1. OBXECTO

1.1. Este Anexo ten a finalidade de adaptar á Lei 16/2009, do 13 de novembro, de Servizos de Pagamento (en adiante, LSP) os distintos contratos que o cliente tiver suscrito con anterioridade á entrada en vigor desta lei en Triodos Bank NV S.E. (Triodos Bank) e establece o réxime xurídico aplicable aos servizos de pagamento definidos na Lei que foren de aplicación ao cliente.

1.2. No tocante ao non regulado expresamente neste Anexo, será aplicada de modo inmediato a LSP e a normativa de desenvolvemento, con carácter preferente respecto dos contratos anteriormente suscritos polo cliente.

1.3. Esta regulación especial de servizos de pagamento, contida neste Anexo, primará sobre calquera outra referencia aos devanditos servizos contida nos Contratos Globais ou de produto do banco.

2. IDENTIFICADOR ÚNICO DE CONTA

2.1. Para unha orde de pagamento ser executada correctamente, o cliente deberá facilitar o identificador único de conta, que será o Código de Conta Corrente (CCC) ou o Número Internacional de Conta Bancaria (IBAN), en función da operación de pagamento que pretenda realizar.

2.2. Cando o cliente facilitar o identificador único correcto para a operación que lle for aplicable, Triodos Bank será responsable de executala correctamente. Polo contrario, no caso do cliente non facilitar un identificador único correcto, Triodos Bank non será responsable da non execución ou da execución defectuosa da orde de pagamento.

3. ORDE DE PAGAMENTO

3.1. As operacións de pagamento serán consideradas «autorizadas» cando o cliente teña outorgado e comunicado o seu consentimento por escrito ou de calquera das formas previstas na Lei 22/2007 de comercialización a distancia de servizos financeiros destinados a consumidores, do 11 de xullo, en concreto, mediante a utilización de medios telemáticos, electrónicos ou similares, sempre que o seu contrato principal permita a emisión destas ordes.

3.2. Para os efectos da execución da orde e do cómputo de prazos de execución respecto do provedor de servizos de pagamento do beneficiario da orde, o momento de recepción da orde será, de ser día hábil, aquel no que Triodos Bank a reciba ou, de ser día inhábil, o seguinte día hábil tras a súa recepción. Así e todo, cando unha orde de pagamento for recibida máis tarde das dezasete (17.00) horas, será considerada recibida no día hábil seguinte.

3.3. O cliente poderá revogar o seu consentimento para executar unha orde de pagamento en calquera momento anterior á súa execución, estando suxeito aos prazos e condicións establecidos pola LSP. A revogación da orde suporá as comisións e gastos que, no seu caso, previren os contratos aplicables ou o libro de tarifas de Triodos Bank.

3.4. Triodos Bank resérvase o dereito de bloquear a utilización dun medio ou instrumento de pagamento por causa razoablemente xustificada, derivada de dúbidas sobre a seguridade do instrumento ou da súa utilización fraudulenta.

4. PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OPERACIÓNS AUTORIZADAS

4.1. En débedas por transferencias, a cantidade correspondente a cada operación de pagamento estará á disposición do beneficiario ao final do día hábil seguinte á data na que Triodos Bank recibir a orde de pagamento do cliente.

4.2. Alén do previsto no apartado anterior, ata o 1 de xaneiro de 2012, no caso de operacións intracomunitarias, as partes poderán acordar a orde de pagamento ser considerada recibida nun prazo non superior a tres (3) días hábiles, e no caso de ope-

racións orixinadas e recibidas en España, este prazo non poderá superar os dous (2) días hábiles.

4.3. Os prazos indicados nos apartados anteriores serán ampliados nun día hábil máis da orde ser emitida en soporte papel.

4.4. O cliente poderá acordar con Triodos Bank a execución dunha orde de pagamento nunha data determinada, ao final dun prazo ou o día no que dispoña de fondos na conta corrente ou no instrumento de pagamento concreto, en cuxo caso o día de recepción da orde será o acordado (ou o seguinte, de ser inhábil).

5. OPERACIÓNS DE PAGAMENTO A PEDIMENTO DO BENEFICIARIO

5.1. O cliente poderá solicitar a Triodos Bank a devolución das operacións de pagamento autorizadas e iniciadas por un beneficiario ou a través del e que xa foren executadas durante un prazo máximo de oito (8) semanas, que serán contadas a partir da data da débeda dos fondos na súa conta, cando a autorización non indique o importe exacto e ademais a cantidade endebedada supere a que razoablemente poida ser esperada atendendo as súas pautas de gastos.

5.2. Así e todo, o cliente non terá dereito á devolución cando el ou o beneficiario tiveren transmitido a Triodos Bank, con catro semanas de antelación á data prevista de pagamento, a información relativa ao devandito pagamento.

5.3. No caso da devolución ser reclamada, Triodos Bank disporá dun prazo de dez (10) días hábiles desde a recepción da solicitude de devolución para devolver o importe íntegro da operación de pagamento ou para xustificar a súa denegación, en cuxo caso deberá indicar os procedementos de reclamación xudicial e extraxudicial á disposición do cliente.

6. OPERACIÓNS NON EXECUTADAS OU EXECUTADAS INCORRECTAMENTE

6.1. O cliente deberá comunicar a Triodos Bank, en canto tiver coñecemento, a realización dunha operación de pagamento non autorizada ou executada defectuosamente e, en todo caso, nos supostos previstos na LSP nun prazo máximo de 13 meses no caso de consumidores, ou de 6 meses para aqueles que conforma á Lei non teñan a condición de consumidores.

6.2. Triodos Bank resérvase a facultade de non executar unha orde do cliente, for como ordenante ou como beneficiario, de poder resultar a súa execución contraria á lei ou ao contrato.

7. COMISIÓNS E GASTOS

7.1. Triodos Bank non poderá cobrar ao cliente pola información contida neste Anexo.

7.2. As comisións e gastos dos distintos produtos e servizos de pagamento prestados ao cliente por Triodos Bank regulamentados na LSP serán os regulamentados no contrato suscrito polo cliente e no libro de tarifas da entidade que estiver vixente no momento da recepción da orde de pagamento.

7.3. Tanto se o cliente actúa como ordenante como se actúa como beneficiario, deberá aboar a Triodos Bank os gastos e comisións repercutibles aplicables á operación da que se trate, consonte ao pactado no contrato aplicable e na orde concreta. Para este efecto, nas operacións de pagamento nas que o cliente for o beneficiario, Triodos Bank poderá deducir os gastos do importe transferido.

8. TRANSPARENCIA DAS CONDICIÓNS E INFORMACIÓN CONTRACTUAL

8.1. Triodos Bank asume o cumprimento das obrigas de transparencia e información previstas na normativa vixente e na Orde EHA/1608/2010, do 14 de xuño, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento con clientes consumidores. Para este efecto, os Contratos Globais e de produto aplicables áchanse publicados na web do banco: www.triodos.es.